

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN DA INFANCIA E MOCIDADE XITANA NO ANO 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

A Fundación Secretariado Gitano (NIF G83117374) é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co núm. E-1729 e ten entre as súas funcións a da promoción integral da poboación xitana desde o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións coas familias que presentan dificultades no acceso e permanencia na formación educativa regrada, colectivo dentro do ámbito competencial desta Consellería de Política Social e Xuventude.

A entidade desenvolve as seguintes actuacións obxecto de subvención

a) Orientación educativa con tres diferentes niveis:

1º. Nivel individual- Trabállase a nivel individual por parte dos orientadores educativos nas actuacións " Promociona", dirixidas a alumnado a partir de 5º do terceiro ciclo da educación primaria e a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) así como, nas titorías individualizadas "Promociona +" enfocadas á orientación educativa para o alumnado dos niveis post-obrigatorios coas que se pretende favorecer a súa autonomía e o desenvolvemento de itinerarios formativos.

Neste nivel elabóranse plans de traballo individualizados para cada alumno/a e as súas familias, como persoas beneficiarias das actuacións de orientación e promoción da educación da infancia e da mocidade xitana obxecto de subvención a través deste convenio. Nos ditos plans quedan identificadas as necesidades a cubrir, as accións a desenvolver, os prazos para a súa realización e de revisión daqueles.



2º. Nivel grupal- Trabállase a nivel grupal a través das aulas de apoio escolar para aprender en grupo con actuacións " Promociona – T", dirixidas ao alumnado dende infantil ata 4º do segundo ciclo de educación primaria, e actuacións Promociona, dirixidas ao alumnado a partir de 5º do terceiro ciclo de primaria e da ESO.

Neste nivel lévanse a cabo adestramento en técnicas de estudo e unha labor de reforzo educativo do alumnado co fin de mellorar a súa aprendizaxe e inculcarlle unha maior responsabilidade en materia educativa.

3º. Nivel sociocomunitario- Trabállase en rede coa contorna e cos axentes sociais próximos ao alumnado nas actuacións Promociona -T", Promociona" e "Promociona +".

Perseguese con estas actuacións a participación do alumnado xitano e das súas familias máis aló do ámbito educativo cunha maior implicación na vida dos centros educativos a través das AMPAS, das actividades extraescolares.

b) Accións de mentoring dirixidas ao alumnado dos últimos cursos da ESO coas que se pretende amosarlles as diferentes profesións, e itinerarios profesionais aos que poden ter acceso, o que lles axudará a relacionar a profesión que desexan desenvolver e a formación que necesitan para poder acceder a ela, de modo que a participación nestas accións se convirta nun elemento motivador para que rematen a ESO e continúen estudando.

As accións de mentoring lévanse a cabo fóra da aula e en horario extraescolar coa colaboración de empresas ou profesionais que posibilitan ao alumnado coñecer de primeira man a profesión nun entorno real de traballo.

c) Organización de encontros de estudantes e familias como espazo de debate, reflexión, intercambio de situacións, problemas e experiencias de éxito.

O obxecto do presente convenio consiste en contribuír a través da concesión directa dunha subvención pública ao financiamento por parte de Consellería de Política Social e Xuventude dos gastos derivados das actuacións de orientación e promoción da educación da infancia e da mocidade xitana levadas a cabo pola Fundación Secretariado Gitano durante o exercicio 2023.



O obxectivo das actuacións é favorecer a normalización educativa da poboación xitana dende a base ata a formación post obrigatoria, e conseguir deste xeito taxas máis elevadas de éxito académico durante a etapa de escolarización obrigatoria, así como o aumento da continuidade do alumnado xitano no sistema educativo en niveis medios e/ou superiores e de formación profesional, a cuxo efecto se prestará orientación educativa e familiar, con sesións de apoio escolar e reforzo ao alumnado, co fin da súa integración social.

As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A previsión do orzamento de gastos das actuacións de orientación e promoción da educación da infancia e mocidade xitana que no marco a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a Fundación Secretariado Gitano é de 438.039,13€.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará a contía de cento corenta e catro mil novecentos oito euros (144.908,00€) que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0. dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.



A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso pode supoñer beneficio económico para a entidade conveniente.

O gasto subvencionable para o desenvolvemento pola Fundación Secretariado Gitano do programa promociona no ano 2023 é o que se sinala no seguinte cadro:

CONCEPTO	IMPORTE
- 2 orientadoras educativas (Ourense e Ferrol) para as actuacións " Promociona " e " Promociona +". - 2 docentes para as actuacións "Promociona" (Ourense e Ferrol) - 5 docentes para as actuacións " Promociona -T"(A Coruña, Santiago, Lugo, Pontevedra e Vigo) . Os docentes de A Coruña, Lugo e Pontevedra colaboran tamén nas titorías Promociona+	131.360,74 euros
- Gastos de funcionamento (Ourense e Ferrol)	6.290,00 euros
Alugueiro locais	3.290,00 euros
Limpeza locais	500,00 euros
Telefonía	1.250,00 euros
Electricidade	800,00 euros
Renting	450,00 euros
- Gastos de realización de actividades (materiais, saídas culturais,...)	3.030,96 euros
- Gastos de xestión	4.226,30 euros
TOTAL	144.908,00 euros
Permítense modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio.	

As orientadoras educativas de Ourense e Ferrol colaboran coas actuacións de apoio ao alumnado do " Promociona" e levan a cabo as titorías individuais Promociona + nesas localidades, sendo a súa contratación a xornada completa.

Os docentes das localidades de Ferrol e Ourense levan a cabo apoio escolar nas Actuacións Promociona cunha xornada de 11 horas, en tanto que os docentes das localidades de A Coruña, Lugo e Pontevedra realizan ademais de apoio escolar



nas actuacións promociona-T as titorías individualizadas Promociona+ , polo que se lles ampliou a xornada en catro horas máis, polo que súa xornada é de 15 horas.

As actuacións son en horario de tarde. Os horarios fíxanse en función dos horarios dos centros educativos onde está escolarizado o alumnado e, no caso de secundaria segundo a tarde que teñen clase no instituto. A hora de inicio é entre as 16:00 horas e as 16:30 e rematan entre as 19:00 e as 19:30 horas. O habitual é que os alumnos reciban dous días de clase á semana, 3 horas de reforzo.

O reparto do importe do convenio en función das actuacións desenvolvidas é o seguinte:

PROMOCIONA-T	PROMOCIONA	PROMOCIONA +	TOTAL CONVENIO D.X FAMILIA
53.893,98 €	88.053,74 €	2.960,28 €	144.908,00 €

A desagregación do orzamento por partidas en cada localidade é a seguinte:

	PERSOAL	FUNCIONAMENTO	ACTIVIDADES	XESTIÓN
A CORUÑA	9.619,44€			587,85€
FERROL	38.933,71€	3.150,00€	1.099,84€	974,32€
OURENSE	37.338,84€	3.140,00€	1.386,52€	1.873,51€
SANTIAGO	15.880,40€		124,6€	158€
PONTEVEDRA	10.660,91€			189,75€
LUGO	10.817,19€			52,87€
VIGO	8.110,25€		420€	390€
TOTAL	131.360,74€	6.290,00€	3.030,96€	4.226,3€

Ata un 80% do total pode facerse efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida en que a fundación xustifique os gastos



e pagos realizados. O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

